

Conectores

Os conectores son elementos que permiten relacionar parágrafos entre si e teñen distintos **valores semánticos**:

1. Iniciais ou para introducir argumentos: Para comezar(mos); en primeiro lugar; primeiro; inicialmente.

2. Comparativos: *Do mesmo modo|xeito, da mesma maneira; igualmente; ao mesmo tempo; asemade; tamén.*

3. Aditivos: E; ademais; tamén; alén d(iso); aínda máis; por riba; por máis; inclusive; até.

4. Opositivas: Porén; así a todo; non obstante; aínda así; mesmo así; ora ben; de calquera maneira; mais; pero; en certo modo; por outro lado; doutra banda; se ben; até (un) certo punto; outramente; pola contra; á diferenza de.

Olo: *sen embargo e *nembargantes non son correctos

5. Causativos-consecutivos: expresión de causa ou consecuencia.

Entón; daquela; en consecuencia; xa que logo; por mor de; por tanto; por iso; por ese motivo; por esa razón; por tanto; daquela; porque; pois (que).

6. Condicionais: Se, con tal de que; sempre que; con tal de que; a non ser que, a menos que

7. Reiterativos, explicativos ou enfáticos:

Vale a pena subliñar; convén incidir|insistir; cómpre non esquecer; cómpre ter presente; cómpre salientar; sobre todo; principalmente; especialmente; cómpre sinalar;

8. Exemplificadores: para ilustrar ideas expresadas anteriormente.

Por exemplo; así; proba diso; noutras palabras; dito doutro xeito

9. Temporais: Despois; logo; a seguir; tal e como xa foi dito; como xa se indicou.

10. Feche do discurso ou para establecer conclusións: Por último; para finalizar; en síntese; en definitiva; finalmente; en resumo; para concluír(mos)